Dado que la empresa recurrente tiene la condición de licitador en este procedimiento objeto de impugnación, no puede alegar desconocimiento del mismo, y por tanto era consciente de que la formalización y subsiguiente entrada en vigor del contrato tendría lugar durante el año 2014. Y si tan preocupada estaba por el buen uso de los fondos públicos debió haber alegado esta circunstancia en el momento de la celebración de los contratos menores y no consentir su celebración "supuestamente" por un plazo que se solaparía con el del contrato en licitación.

En consecuencia, en opinión de la técnico que subscribe, procede solicitar del Tribunal que en la resolución del recurso o en la de inadmisión del mismo, en su caso, en uso de la facultad que le confiere el artículo 47.5 del TRLCSP, acuerde la imposición a la recurrente de una multa por la temeridad y la mala fe demostrada con la interposición del presente recurso, que carece de fundamentación y sólo persigue dilatar la formalización del contrato y con ello su perfección y la entrada en vigor del mismo, lo cual ocasiona perjuicios a la Administración municipal por cuanto los servicios prestados por la recurrente no cubren todo el objeto contractual y además son más costosos que los que prestará la empresa adjudicataria, que además ha ofertado otras mejoras.

Octavo.- En mérito a lo expuesto, se propone a la Junta de Gobierno Local, en calidad de órgano de contratación del Concello de Vigo (disposición adicional segunda del TRLCSP) y en uso de las facultades que le confiere la legislación vigente, la adopción del siguiente acuerdo:

"1º.- Aprobar el presente informe.

2º.- Dar traslado del mismo al Tribunal Administrativo Central de Recursos Contractuales"

Acordo:

A Xunta de Goberno Local acorda aprobar a proposta contida no precedente informe da xefa do servizo de Contratación.

4(781).- PROPOSTA DE APROBACIÓN DO ANEXO Nº 1 AO PLAN DE SEGURIDADE E SAÚDE DA RÚA SEVERINO COBAS, INCLUÍDA NAS OBRAS DE REFORZO DA CAPA DE RODADURA DO FIRME EN RÚAS DE DIVERSAS PARROQUIAS (LOTE II). EXPTE. 2527/440.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe-proposta do 17/07, do enxeñeiro-xefe de Vías e Obras conformado polo concelleiro-delegado, a Xunta de Goberno Local acorda:

Aprobar o ANEXO Nº 1 ao Plan de Seguridade e Saúde da rúa Severino Cobas, incluída nas obras de reforzo da capa de rodadura do firme en rúas de diversas parroquias do termo municipal (Lote II).

Do presente acordo daráselle traslado á empresa adxudicataria ABERMAN EMPRESA CONSTRUCTORA, S.L., a cal a súa vez xunto co Anexo nº 1 ao Plan de Seguridade e Saúde dará conta á Autoridade Laboral competente, ao servizo de prevención constituído na empresa ou concertado con entidade especializada allea á mesma, segundo preveñen a Lei 31/1995, de 8 de novembro, a efectos do cumprimento do seu artigo 31.3, a) b) c) d) e) e f); ás persoas ou órganos con responsabilidades en materia de prevención nas empresas intervinientes ou concorrente na obra e aos representantes dos traballadores, a efectos de que poidan presentar por escrito e de forma razoada, as suxestións e alternativas que estimen oportunas (artigo 7.4 do Real Decreto 1627/1997).

5(782).- CORRECCIÓN ERROS: PREGO CLÁUSULAS ADMINISTRATIVAS PARTICULARES PARA A CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE ACONDICIONAMENTO, MANTEMENTO, CONSERVACIÓN E ARRANXO DAS INFRAESTRUTURAS VIARIAS. EXPTE. 71048/250.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do 17/07, da xefa do servizo de Contratación conformado polo concelleiro-delegado de área, que di o seguinte:

“NORMATIVA APLICABLE:

- *Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público (TRLCSP).*
- *Lei 30/1992, de 26 de novembro de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común (LRJAP).*

ANTECEDENTES:

En data 26 de xuño de 2014 a Xunta de Goberno Local acordou:

“Primeiro.- Aprobar a contratación por procedemento aberto e tramitación ordinaria, dos servizos de acondicionamento, arranxo, mantemento e conservación das infraestruturas viarias do Concello de Vigo.

Segundo.- Aprobar o prego de prescricións técnicas particulares para a referida contratación, redactado polo Enxeñeiro Xefe do Servizo de Vías e Obras e asinado con data 9 de maio de 2014 que figura no expediente.

Terceiro.- Aprobar o prego de cláusulas administrativas particulares que reixerá a contratación, redactado pola Xefa do Servizo de Contratación e asinado con data 18 de xuño de 2014, que figura no expediente.

Cuarto.- Autorizar o gasto por importe máximo de 5.289.256,20€, que cun I.V.E de 1.110.743,80€, supón un total de 6.400.000,00€, con cargo á partida 1550.210.0001 e co seguinte desglose por anualidades nas que o Concello comprométese a incluír o crédito necesario e suficiente para a execución do contrato:

Anualidades	Importe sen IVE	IVE	IMPORTE TOTAL
2014	440.771,36 €	92.561,98 €	533.333,34 €
2015	1.322.314,05 €	277.685,95 €	1.600.000,00 €
2016	1.322.314,05 €	277.685,95 €	1.600.000,00 €
2017	1.322.314,05 €	277.685,95 €	1.600.000,00 €
2018	881.542,70 €	185.123,96 €	1.066.666,66 €
Total	5.289.256,20 €	1.110.743,80 €	6.400.000,00 €

Quinto.- Abrir o procedemento licitatorio para selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente”.

Estando en período de licitación o citado expediente se ten detectado un erro material nas fórmulas previstas na cláusula 15 do PCAP.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS:

Primeiro.- Nos apartados 15.2.1º.c e 15.2.2º.c do PCAP se recolle a seguinte fórmula:

$$P = \frac{0,80 * P_{mx} + 0,20 * P_{mx} * A}{B}$$

No entanto o correcto sería que a fórmula fose a seguinte:

$$P = 0,80 * P_{mx} + \frac{0,20 * P_{mx} * A}{B}$$

Segundo.- A lexislación de procedemento administrativo faculta ás administracións públicas a rectificar en calquera momento, de oficio ou a instancia dos interesados, os erros materiais, de feito ou aritméticos existentes nos seus actos (artigo 105 LRJAP).

Terceiro.- A competencia para a resolución do presente expediente correspóndelle á Xunta de Goberno Local, na súa calidade de órgano de contratación, conforme ó previsto no apartado 3 da disposición adicional segunda do TRLCSP.

Así, en mérito ó exposto, se propón á Xunta de Goberno, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

“Rectificar as fórmulas previstas na cláusula 15.2.1º.c e 15.2.2º.c do prego de cláusulas administrativas particulares para a contratación do servizo de acondicionamento,

mantemento, conservación e arranxo das infraestruturas viarias do concello de Vigo por procedemento aberto, substituíndoas pola seguinte:

$$P = 0,80 * P_{mx} + \frac{0,20 * P_{mx} * A}{B}$$

Acordo:

A Xunta de Goberno Local acorda aprobar a proposta contida no precedente informe.

6(783).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DO PROXECTO “MELLORA DA REDE SEPARATIVA DE PLUVIAIS E RENOVACIÓN DOS PAVIMENTOS PEONÍS E DE RODADURA EN: SUBIDA Á MADROA E OUTRAS VÍAS. FASE II. EXPTE. 2501/440

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe-proposta do 18/07/14, do xefe de área conformado polo concelleiro de Fomento e pola concelleira de Facenda; vistos os informes xurídico e de Intervención de data 11 e 16/07/14, respectivamente, a Xunta de Goberno Local acorda:

Primeiro.- Aprobar a contratación a través de procedemento aberto e tramitación ordinaria das obras do proxecto “MELLORA DA REDE SEPARATIVA DE PLUVIAIS E RENOVACIÓN DOS PAVIMENTOS PEONÍS E DE RODADURA EN: SUBIDA Á MADROA E NA RÚA MANUEL COSTAS BASTOS; SUBIDA MOUTEIRA EN BEMBRIVE E RÚA SEIXO EN BEADE; RÚAS ROTEA DE ABAIXO, GANDARÓN, CAMIÑO FERMÍN E BAGUNDA; RÚA SANTA MARIÑA; CAMIÑO FONDO EN CASTRELOS E HUMANIZACIÓN DA RÚA PEDREIRA. FASE II”

Segundo.- Aprobar o prego de prescricións técnicas particulares, que se anexa a este expediente redactado por TECNIGAL, S.L. , co conforme do Xefe de Área de Fomento de data 14 de xullo.

(En consecuencia queda sin efecto o que se contiña no proxecto aprobados por ese órgano no apartado “ Prego de Prescricións Técnicas Particulares”).

Terceiro.- Aprobar o prego de cláusulas administrativas particulares que rexerá a contratación, redactado pola Xefa do Servizo de Contratación e asinado con data 17 de xullo de 2014.

Cuarto.- Autorizar o gasto por un importe máximo de 449.000 € dos que 77.925,62 € corresponden o IVE, con cargo as partidas:

- 1550.619.00.41 Mellora redes e renovación de pavimentos en Candeán.
- 1550.619.00.42 Mellora redes e renovación pavimentos en Beade-Bembrive.
- 1550.619.00.37 Mellora redes e renovación pavimentos en Lavadores.
- 1550.619.00.47 Mellora redes e renovación pavimentos en Sta. Marina . Cabral.
- 1550.619.00.39 Mellora redes e renovación pavimentos Camiño Fondo.
- 1550.619.00.48 Humanización Rúa Pedreira, fase II.

Quinto.- Abrir o procedemento licitatorio para selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente.

7(784).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DA EXECUCIÓN DAS OBRAS DE “MELLORA DA REDE SEPARATIVA DE PLUVIAIS E RENOVACIÓN DOS PAVIMENTOS PEONÍS E DE RODADURA EN: ACCESOS AO PAVILLÓN MUNICIPAL DE CORUXO E NO CAMIÑO GÁNDARA-CORUXO E OUTROS VIAIS. EXPTE. 2504/440.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe-proposta do 14/07/14, do xefe de área conformado polo concelleiro de Fomento e pola concelleira de Facenda; vistos os informes xurídico e de Intervención de datas 09 e 17/07/14, respectivamente, a Xunta de Goberno Local acorda:

Primeiro.- Aprobar a contratación a través de procedemento aberto e tramitación ordinaria das obras do proxecto “MELLORA DA REDE SEPARATIVA DE PLUVIAIS E RENOVACIÓN DOS PAVIMENTOS PEONÍS E DE RODADURA EN: ACCESOS AO PAVILLÓN MUNICIPAL DE CORUXO E NO CAMIÑO GÁNDARA – CORUXO; SAN COSME – ZAMÁNS; RÚA ATLÁNTIDA – ALCABRE; RÚA EN TRADA A Balsa – MATAMÁ; RÚA BRAVO - NAVIA; CAMIÑO OIA E NP CAMIÑO ROZO – OIA; RÚA EIRA BELLA – SAIÁNS; SUBIDA A ROLA – SAN ROQUE; ESTRADA MARCO – SÁRDOMA E CAMIÑO PINGUELA – VALLADARES”

Segundo.- Aprobar o prego de prescricións técnicas particulares, que se anexa a este expediente redactado por INGENIA, S.L. , co conforme do Xefe de Área de Fomento de data 23 de xuño de 2014.

(En consecuencia queda sin efecto o que se contiña no proxecto aprobados por ese órgano no apartado “ Prego de Prescricións Técnicas Particulares”).

Terceiro.- Aprobar o prego de cláusulas administrativas particulares que rexerá a contratación, redactado pola Xefa do Servizo de Contratación e asinado con data 17 de xullo de 2014.

Cuarto.- Autorizar o gasto por un importe máximo de 449.000 € dos que 77.925,62 € corresponden o IVE, con cargo as partidas:

- 1550.619.00.40 Mellora redes e renovación de pavimentos en Coruxo.
- 1550.619.00.64 Mellora redes e renovación pavimentos San Cosme – Zamáns.
- 1550.619.00.43 Mellora redes e renovación pavimentos rúa Atlántida - Alcabre.
- 1550.619.00.49 Mellora redes e renovación pavimentos en Rúa entrada Balsa- Matamá.
- 1550.619.00.51 Mellora redes e renovación pavimentos Rúa Bravo en Navia.

- 1550.619.00.60 Mellora redes e renovación pavimentos no Camiño Oia e Rozo.
- 1550.619.00.61 Mellora redes e renovación pavimentos no Rúa Eira Vella – Saians.
- 1550.619.00.30 Mellora redes e renovación pavimentos na subida a Rola en San Roque.
- 1550.619.00.62 Mellora redes e renovación pavimentos na Estrada Marco – Sárdoma.
- 1550.619.00.63 Mellora redes e renovación pavimentos Camiño Pinguela–Valladares.

Quinto.- Abrir o procedemento licitatorio para selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente.

8(785).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DO PROXECTO DE “HUMANIZACIÓN DA RÚA ALONSO OJEDA–TEIS”. EXPTE. 2490/440.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe-proposta do 18/07/14, do xefe de área conformado polo concelleiro de Contratación e pola concelleira de Facenda; vistos os informes xurídico e de Intervención de data 11 e 16/07/14, respectivamente, a Xunta de Goberno Local acorda:

Primeiro.- Aprobar a contratación a través de procedemento aberto e tramitación ordinaria das obras do proxecto “HUMANIZACIÓN DA RÚA ALONSO OJEDA - TEIS”

Segundo.- Aprobar o prego de prescricións técnicas particulares, que se anexa a este expediente redactado por PETTRA, S.L. , co conforme do Xefe de Área de Fomento de data 17 de xuño de 2014.

(En consecuencia queda sin efecto o que se contiña no proxecto aprobado por ese órgano na sesión de data 3 de xuño no apartado “Documento 3 – Prego de Prescricións Técnicas Particulares”).

Terceiro.- Aprobar o prego de cláusulas administrativas particulares que rexerá a contratación, redactado pola Xefa do Servizo de Contratación e asinado con data 17 de xullo de 2014.

Cuarto.- Autorizar o gasto por un importe máximo de 240.000 € dos que 41.652,89 € corresponden o IVE, con cargo a partida 1550.619.00.46 “Alonso Ojeda – Teis”.

Quinto.- Abrir o procedemento licitatorio para selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente.

9(786).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DA EXECUCIÓN DAS OBRAS DO PROXECTO DE “HUMANIZACIÓN DA RÚA TOLEDO E O SEU CONTORNO)”. EXPTE. 2493/440.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe-proposta do 18/07/14, do xefe de área conformado polo concelleiro de Contratación e pola concelleira de Facenda; vistos os informes xurídico e de Intervención de data 09 e 17/07/14, respectivamente, a Xunta de Goberno Local acorda:

Primeiro.- Aprobar a contratación a través de procedemento aberto e tramitación ordinaria das obras do proxecto “HUMANIZACIÓN DA RÚA TOLEDO E O SEU CONTORNO

Segundo.- Aprobar o prego de prescricións técnicas particulares, que se anexa a este expediente redactado por INGENIA, S.L. , co conforme do Xefe de Área de Fomento de data 17 de xullo de 2014.

(En consecuencia queda sin efecto o que se contiña no proxecto aprobado por ese órgano na sesión de data 3 de xuño no apartado “Documento 3 – Prego de Prescricións Técnicas Particulares”).

Terceiro.- Aprobar o prego de cláusulas administrativas particulares que rexerá a contratación, redactado pola Xefa do Servizo de Contratación e asinado con data 17 de xullo de 2014.

Cuarto.- Autorizar o gasto por un importe máximo de 190.000 € dos que 32.975,21 € corresponden o IVE, con cargo a partida 1550.619.00.36 “Humanización Rúa Toledo e o seu entorno”.

Quinto.- Abrir o procedemento licitatorio para selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente.

10(787).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DA EXECUCIÓN DAS OBRAS DO PROXECTO DE “HUMANIZACIÓN DAS RÚAS BAIXADA A RÍOS E DOUTOR CORBAL”. EXPTE. 2469/440.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe-proposta do 18/07/14, do xefe de área conformado polo concelleiro de Fomento e pola concelleira de Facenda; vistos os informes xurídico e de Intervención de data 09 e 17/07/14, respectivamente, a Xunta de Goberno Local acorda:

Primeiro.- Aprobar a contratación a través de procedemento aberto e tramitación ordinaria das obras do proxecto “HUMANIZACIÓN DAS RÚAS BAIXADA A RÍOS E DOUTOR CORBAL”.

Segundo.- Aprobar o prego de prescricións técnicas particulares, que se anexa a este expediente redactado por PETTRA, S.L. , co conforme do Xefe de Área de Fomento de data 17 de xuño de 2014.

(En consecuencia queda sin efecto o que se contiña no proxecto aprobado por ese órgano na sesión de data 30 de maio no apartado “Documento 3 – Prego de Prescripcíons Técnicas Particulares”).

Terceiro.- Aprobar o prego de cláusulas administrativas particulares que rexerá a contratación, redactado pola Xefa do Servizo de Contratación e asinado con data 17 de xullo de 2014.

Cuarto.- Autorizar o gasto por un importe máximo de 115.000 € dos que 19.958,68 € corresponden o IVE, con cargo a partida 1550.619.00.44 “Humanización Baixada a Ríos e Dr. Corbal en Teis”.

Quinto.- Abrir o procedemento licitatorio para selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente.

11(788).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DA EXECUCIÓN DAS OBRAS DO PROXECTO DE “HUMANIZACIÓN DA RÚA COUTADAS-TEIS (ENTRE A RÚA SANTANDER E O PASO SUPERIOR SOBRE A AP-9)”. EXPTE 2491/440.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe-proposta do 18/07/14, do xefe de área conformado polo concelleiro de Fomento e pola concelleira de Facenda; vistos os informes xurídico e de Intervención de data 09 e 17/07/14, respectivamente, a Xunta de Goberno Local acorda:

Primeiro.- Aprobar a contratación a través de procedemento aberto e tramitación ordinaria das obras do proxecto “HUMANIZACIÓN DA RÚA COUTADAS – TEIS (ENTRE A RÚA SANTANDER E O PASO SUPERIOR SOBRE A AP-9)

Segundo.- Aprobar o prego de prescripcíons técnicas particulares, que se anexa a este expediente redactado por PETTRA, S.L. , co conforme do Xefe de Área de Fomento de data 17 de xuño de 2014.

(En consecuencia queda sin efecto o que se contiña no proxecto aprobado por ese órgano na sesión de data 3 de xuño no apartado “Documento 3 – Prego de Prescripcíons Técnicas Particulares”).

Terceiro.- Aprobar o prego de cláusulas administrativas particulares que rexerá a contratación, redactado pola Xefa do Servizo de Contratación e asinado con data 17 de xullo de 2014.

Cuarto.- Autorizar o gasto por un importe máximo de 335.000 € dos que 58.140,50 € corresponden o IVE, con cargo a partida 1550.619.00.45 “Humanización Rúa Coutadas - Teis”.

Quinto.- Abrir o procedemento licitatorio para selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente.

12(789).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DA EXECUCIÓN DAS OBRAS DO PROXECTO DE “HUMANIZACIÓN DA RÚA DOUTOR CANOA”. EXPTE. 2471/440.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe-proposta do 18/07/14, do xefe de área conformado polo concelleiro de Fomento e pola concelleira de Facenda; vistos os informes xurídico e de Intervención de data 11 e 16/07/14, respectivamente, a Xunta de Goberno Local acorda:

Primeiro.- Aprobar a contratación a través de procedemento aberto e tramitación ordinaria das obras do proxecto “HUMANIZACIÓN DA RÚA DOUTOR CANOA”

Segundo.- Aprobar o prego de prescricións técnicas particulares, que se anexa a este expediente redactado por TECNIGAL, S.L. , co conforme do Xefe de Área de Fomento de data 17 de xuño de 2014.

(En consecuencia queda sin efecto o que se contiña no proxecto aprobado por ese órgano na sesión de data 30 de maio no apartado “Documento 3 – Prego de Prescricións Técnicas Particulares”).

Terceiro.- Aprobar o prego de cláusulas administrativas particulares que rexerá a contratación, redactado pola Xefa do Servizo de Contratación e asinado con data 17 de xullo de 2014.

Cuarto.- Autorizar o gasto por un importe máximo de 230.000 € dos que 39.917,35 € corresponden o IVE, con cargo a partida 1550.619.00.65 “Humanización Rúa Doutor Canoa”.

Quinto.- Abrir o procedemento licitatorio para selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente.

13(790).- PROPOSTA DE ARQUIVO DE EXPEDIENTE DE MELLORAS CON OCASIÓN DA PRÓRROGA DO CONTRATO DE XESTIÓN DO SERVIZO DE MANTEMENTO E CONSERVACIÓN DAS INSTALACIÓNS DE ALUMEADO PÚBLICO DO CONCELLO. EXPTE. 15324/444.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe-proposta do 18/07/14, do xefe de área conformado polo xefe dos servizos enerxéticos e polo concelleiro de Fomento, a Xunta de Goberno Local acorda:

Primeiro.- Deixar sen efecto o acordo da Xunta de goberno Local de data 18/07/14, relativo ao expediente 15324.

Segundo.- Proceder ao arquivo do expediente 15324/444.

14(791).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN POR LOTES DAS OBRAS A REALIZAR NOS CAMPOS DE FÚTBOL DE SAMIL, TRAVESAS E A ETEA. EXPTE. 13166/333.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe-proposta do 18/07/14, do director deportivo do IMD, conformado polo concelleiro de Deportes e pola concelleira de Facenda; vistos os informes xurídico e de Intervención de data 03 e 15/07/14, respectivamente, a Xunta de Goberno Local acorda:

Primeiro.- Aprobar a contratación polo procedemento aberto e tramitación ordinaria por lotes das obras dos proxectos:

- REPOSICIÓN E MELLORA DO TERREO DE XOGO DE HERBA ARTIFICIAL E O SISTEMA DE REGO PARA O CAMPO DE FÚTBOL MUNICIPAL DE TRAVESAS.
- CONSTRUCCIÓN DUN NOVO CAMPO DE FÚTBOL 11 NAS INSTALACIÓNS DA ETEA.
- REPOSICIÓN E MELLORA DO TERREO DE XOGO DE HERBA ARTIFICIAL E O SISTEMA DE REGO PARA O CAMPO DE FÚTBOL MUNICIPAL DE SAMIL.

Segundo.- Deixar sen efecto os contidos dos proxectos aprobados na Xunta de goberno local de data 30 de maio de 2014, en relación os seguintes apartados:

- Expte 13083/333. REPOSICIÓN E MELLORA DO TERREO DE XOGO DE HERBA ARTIFICIAL E O SISTEMA DE REGO PARA O CAMPO DE FÚTBOL MUNICIPAL DE TRAVESAS: deixar sen efecto o contido do apartado "A" do anexo "Pregos de condicións administrativas".
- Expte 13084/333. REFORMA DO CAMPO DE FÚTBOL DE SAMIL: deixar sen efecto o contido do apartado "A" "Pliego de cláusulas administrativas. Pliego general", do anexo "Pregos de condicións administrativas".
- Expte 13110/333. OBRAS CAMPO DE FÚTBOL DE CÉSPEDE ARTIFICIAL NA ETEA: deixar sen efecto o contido do apartado "A" "Pliego de cláusulas administrativas. Pliego general", do tomo II, apartado "Pregos de condicións administrativas".

Terceiro.- Aprobar como pregos de prescricións técnicas particulares que determinan as condicións que rexerán no contrato para a execución das obras os contemplados nos seguintes apartados do proxectos:

- Expte 13083/333. REPOSICIÓN E MELLORA DO TERREO DE XOGO DE HERBA ARTIFICIAL E O SISTEMA DE REGO PARA O CAMPO DE FÚTBOL MUNICIPAL DE TRAVESAS: Apartado "B" prego de condicións técnicas particulares do anexo "pregos de condicións".
- Expte 13084/333. REFORMA DO CAMPO DE FÚTBOL DE SAMIL: Apartado "B" prego de condicións técnicas particulares do anexo "Pregos de condicións administrativas".
- Expte 13110/333. OBRAS CAMPO DE FÚTBOL DE CÉSPED ARTIFICIAL NA ETEA: Apartado "B" prego de condicións técnicas particulares do anexo, do tomo II, apartado "Pregos de condicións".

Cuarto.- Aprobar o prego de cláusulas administrativas particulares que rexerá a contratación, redactado pola Xefa do Servizo de Contratación e asinado con data 17 de xullo de 2014.

Quinto.- Autorizar o gasto por un importe máximo de OITOCENTOS CINCUENTA E SEIS MIL NOVECIENTOS OITENTA EUROS CON OITENTA E CINCO CENTIMOS (856.980,85 €), sendo o importe correspondente o ive o de CENTO CUARENTA E OITO MIL SETECENTOS TRINTA E DOUS EUROS CON VINTEUN CENTIMOS (148.732,21 €.). Dito importe deberá ser de aplicación aos créditos do vixente orzamento do Concello de Vigo, nas partidas as cales compren a condición de crédito suficiente e adecuado:

93306320012	REPOSICIÓN E MELLORA DO TERREO DE XOGO DE HERBA ARTIFICIAL E O SISTEMA DE REGO PARA O CAMPO DE FÚTBOL MUNICIPAL DE AS TRAVESAS.	185.000,00 €
93306220013	CONSTRUCCIÓN DUN NOVO CAMPO DE FÚTBOL 11 NAS INSTALACIÓNS DA ETEA.	437.000,00 €
93306320011	REPOSICIÓN E MELLORA DO TERREO DE XOGO DE HERBA ARTIFICIAL E O SISTEMA DE REGO PARA O CAMPO DE FÚTBOL MUNICIPAL DE SAMIL.	235.000,00 €

Sexto.- Abrir o procedemento licitatorio para selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente.

15(792).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN PARA A SUBMINISTRACIÓN DE ÁRBORES, ARBUSTOS E PLANTA DE TEMPORADA. EXPTE. 7569/446

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe-proposta do 14/07/14, do xefe do servizo, conformado polo concelleiro-delegado de Parques e Xardíns e polo concelleiro de Facenda; vistos os informes xurídico e de Intervención de data 26/06 e 16/07/14, respectivamente, a Xunta de Goberno Local acorda:

Primeiro.- Aprobar o gasto de 123.000 euros para o subministro de árbores, arbustos e planta de tempada, correspondendo á cantidade de 58.000 euros (47.933,89 e 10.066,11 IVE) con cargo ao presuposto deste ano 2014, e a cantidade de 65.000 € (53.719 e 11.280 IVE) con cargo a o presuposto do ano 2015 . O orzamento total imputarase a partida 1710-210.00.04 (Adquisición de Arborado e Arbustos).

Segundo.- Aprobar o expediente de contratación por Procedemento Aberto do subministro de árbores, arbustos e pranta de tempada que contén o prego de prescripcións técnicas particulares de data 17/06/2014 e o prego de cláusulas administrativas particulares de data 18/07/2014

Terceiro.- Abrir o procedemento de licitación na forma legalmente prevista.

16(793).- PROPOSTA DE ADJUDICACIÓN DE OPERACIÓN DE PRÉSTAMO PARA O FINANCIAMENTO DOS INVESTIMENTOS PREVISTOS NOS ORZAMENTOS DO ANO 2014. EXPTE. 28/142.

Examinadas as actuacións do expediente, vista a proposta da Mesa de Contratación, sesión do 16/07/14, a Xunta de Goberno Local acorda:

Adjudicar a operación de préstamo con apertura de póliza de crédito destinada a financiar parte do plan de investimentos previsto no Orzamento Xeral do ano 2014 á Entidade Financeira SANTANDER INSTITUCIONAL GALICIA de acordo ás seguintes condicións:

- Importe: 6.800.000,00 euros
- Natureza: Préstamo con apertura de conta de crédito.
- Tipo de interese: Variable, referenciado a EURIBOR.
- Marxe: 1,36 puntos porcentuais
- Prazo de amortización: 10 anos.
- Plan de amortización: Anual, a 31 de decembro de cada ano, sendo a primeira amortización o 31.12.2015 e a última o 31.12.2024. Se o día establecido para a amortización fose inhábil, cargárase a amortización o primeiro día hábil anterior.

- Liquidación de intereses: Trimestral (Trimestres naturais), a excepción do último trimestre de cada ano, que se liquidará e pagará o último día do trimestre ou hábil anterior, e o primeiro, que se liquidará dende a/as disposicións do período até o fin do trimestre natural.

- Carencia: Dende a sinatura do contrato até o 30.12.2015.
- Consolidación da contía: 31.12.2014.
- Período de disposición: O de carencia.
- Amortización anticipada: Sen custo.
- Apertura da póliza: Sen custo.

17(794).- PROPOSTA DE CONVENIO DE COLABORACIÓN CO FONDO GALEGO DE COOPERACIÓN PARA PROGRAMA DE TURISMO SOSTIBLE. NICARAGUA. EXPTE. 96022/301.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe-proposta do 26/06/14, da xefa do servizo, conformado polo xefe de área e pola concelleira de Políticas de Benestar e polo concelleiro de Facenda; vistos os informes xurídico e da Intervención de datas 12/06 e 18/06, respectivamente, a Xunta de Goberno Local acorda:

Primeiro.- Aprobar a concesión dunha subvención directa ao Fondo Galego de Cooperación e Solidariedade, CIF. G15629629, por un importe de 26.000,00 euros con cargo á partida 23104800001 -Axuda ó Terceiro Mundo-.

Segundo.- Prestar aprobación ao texto do convenio entre a Concellería de Política de Benestar e o Fondo Galego de Cooperación e Solidariedade, CIF G15629629, para levar a cabo un proxecto de cooperación internacional denominado «impulso do desenvolvemento turístico sostible en 11 comunidades próximas ó Canón de Somoto como ferramenta de loita contra a pobreza (municipalidades de Totogalpa e Somoto; Dpto. de Madriz – Nicaragua)». Ano 2014.

Terceiro.- Aprobar o gasto por un importe total de 26.000,00 euros, con cargo á 2310.4800001 de Benestar Social, “Axuda ó Terceiro Mundo”.

Cuarto.- Nomear como técnica municipal encargada do seguimento deste proxecto á Diplomada en Traballo social do Departamento de Benestar social, D^a Rosa M^a Alonso Míguez.

«CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO E O FONDO GALEGO DE COOPERACIÓN E SOLIDARIEDADE PARA A EXECUCIÓN DO PROXECTO: IMPULSO DO DESENVOLVEMENTO TURÍSTICO SOSTIBLE EN 11 COMUNIDADES PRÓXIMAS Ó CANÓN DE SOMOTO COMO FERRAMENTA DE LOITA CONTRA A POBREZA (MUNICIPALIDADES DE TOTOGALPA E SOMOTO; DPTO. DE MADRIZ – NICARAGUA)»

En Vigo, na Casa do Concello, o de 2014

COMPARECEN

Dunha parte,
O Excmo. Sr. Alcalde – Presidente do Concello de Vigo, D. Abel R. Caballero Álvarez, asistido polo Secretario de Administración municipal, D. Manuel Xosé Lorenzo Penela.

Doutra parte,
D^a. M^a Teresa París Blanco, con DNI nº 36.102.366-W, Presidenta do «Fondo Galego de Cooperación e Solidariedade» («FGCS»), CIF nº G-15629629, con sede social na rúa Varsovia nº 4-C, 6º andar, Área Central, Santiago de Compostela (A Coruña), CP 15703.

INTERVEÑEN

D. Abel R. Caballero Álvarez, na súa condición de Alcalde – Presidente do Excmo. Concello de Vigo, no exercicio das facultades de representación atribuídas pola lexislación de Réxime local (Art. 61.1.a] da L.5/1997, do 22 de xullo, LALGA, e 124.4.a] da L.7/1985, do 2 de abril, LRBRL).

D^a. M^a Teresa París Blanco, actuando en representación do «Fondo Galego de Cooperación e Solidariedade», segundo así resulta da certificación do acordo adoptado na súa Asemblea xeral ordinaria celebrada o 30.09.2011 e dos seus estatutos, asegurando a comparecente que tales facultades non lle foron revogadas.

D. Manuel Xosé Lorenzo Penela, Secretario de Administración municipal, ós meros efectos de asistencia ó Sr. Alcalde – Presidente e dación da fe pública no outorgamento do presente documento, por delegación da Secretaria de Goberno local (Resolucións de datas 19.09.2011 e 20.03.2013).

Os comparecentes, no concepto en que interveñen, recoñécense recíprocamente a lexitimación e a capacidade e representación legal necesaria para o outorgamento e formalización do presente Convenio e, como antecedentes e motivación deste acordo de vontades,

EXPOÑEN

I.- Que a L.23/1998, do 7 de xullo, do Estado, de cooperación internacional para o desenvolvemento, posta en relación coa Constitución española de 1978 e os Arts. 2 e 25.1 da L.7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do réxime local e 80.1 da L.5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia, habilitan expresamente para que desde as entidades locais se leven a cabo accións e programas incluíbles no concepto de “cooperación para o desenvolvemento”, expresión solidaria da sociedade local que, en todo caso, basearase nos principios de autonomía orzamentaria e autorresponsabilidade no seu desenvolvemento e execución (no marco da política española de cooperación internacional para o desenvolvemento) e no de colaboración entre Admóns. Públicas, tocante ó acceso e participación da información e máximo aproveitamento dos recursos públicos (Art. 20).

Esa mesma capacidade municipal para intervir en materia de cooperación internacional aparece recoñecida expresamente na L.3/2003, do 19 de xuño, de Cooperación para o desenvolvemento, de Galicia, na que se considera ás entidades locais como “axentes da cooperación internacional para o desenvolvemento” (Art. 23) e encoméndalle á Xunta de Galicia a implementación dunha política activa de colaboración cos concellos galegos, as deputacións e demais entidades locais que destinen recursos á cooperación para o desenvolvemento, pulando a participación dos concellos galegos en accións de cooperación para o desenvolvemento mediante a aplicación de instrumentos mancomunados como o Fondo Galego de Cooperación e Solidariedade, consorcios intermunicipais e outros entes de análogas características (Art. 14.3).

Ó mesmo tempo, a L.3/2003 creou a “Comisión Interterritorial de Cooperación para o desenvolvemento” como órgano de coordinación e colaboración entre a Xunta de Galicia e as Admóns. locais galegas que inclúan nos seus orzamentos partidas computables como axuda de cooperación para o desenvolvemento (Art. 20).

A entrada en vigor da L.27/2013, do 27 de decembro, de Racionalización e Sostibilidade da Admón. Local (LRSAL), non afecta ó exercicio da competencia municipal nesta materia, por tratarse dunha competencia atribuída con anterioridade ás entidades locais mediante lexislación sectorial estatal (L.23/1998) e autonómica (L.3/2003), plenamente vixente.

II.- Que, preocupado pola necesidade de obter o máximo rendemento dos recursos que destina á cooperación e ó desenvolvemento, o Concello de Vigo está comprometido co propósito de promover aquelas prácticas que posibiliten unha maior coordinación das políticas municipalistas desenvolvidas en Galicia neste eido, compartindo coas ONGs e o conxunto da sociedade viguesa esa aspiración común á mellora da cooperación.

III.- Que o «Fondo Galego de Cooperación e Solidariedade» («FGCS») é unha asociación sen ánimo de lucro con personalidade xurídica propia e independente, de carácter municipalista que, co apoio da FEGAMP, favorece a incorporación das entidades locais e provinciais de Galicia a dinámicas activas de cooperación, evitando a fragmentación e estimulando a súa maior eficacia e coordinación; actividades que desexa intensificar para implicar nas mesmas ó conxunto da cidadanía.

Como se sinala na propia L.3/2003, a creación do «FGCS» permitiu a asunción por parte do municipalismo galego dunha liña de actuación propia, promovendo a participación e proxectos e programas de cooperación, evitando atomizacións ou duplicidades.

IV.- Que, de acordo cos seus Estatutos, o obxecto fundamental desta Asociación consiste en desenvolver unha eficaz política de cooperación e de solidariedade dos cidadáns dos concellos e provincias de Galicia cos pobos subdesenvolvidos e, en concreto, contribuír desde o ámbito galego ó desenvolvemento dos países do Terceiro Mundo, a promoción, financiamento e xestión de proxectos e programas de desenvolvemento económico e social e/ou de sensibilización, posibilitar unha maior participación das entidades locais nas políticas de cooperación e de solidariedade potenciando a coordinación das mesmas, apoiar e xestionar no seu caso, proxectos e programas que promovan un desenvolvemento sostible nos países en vías de desenvolvemento, con criterios de igualdade, de mutua colaboración e respecto ás culturas e ás identidades propias de cada comunidade, etc.

V.- Que, en sesión plenaria de data 3 de agosto de 1998, acordouse por unanimidade a adhesión do Concello de Vigo ó «FGCS», aceptando os seus estatutos e declaración programática e asumindo o compromiso de dotar orzamentariamente unha partida como achega anual ó Fondo Galego con destino ó financiamento e proxectos aprobados polo «FGCS».

VI.- Que o Concello de Vigo e o Fondo Galego acreditaron a necesidade de reforzar os mecanismos homoxeneizadores da cooperación propiamente municipalista e instaron a sinatura da denominada «Declaración Política das cidades e o Fondo Galego», asinada o 5 de marzo de 2001, por todas as cidades galegas e o «FGCS».

VII.- Que, de común acordo, o Concello de Vigo e o «FGCS» (Comisión executiva do 23.04.2014) seleccionaron, entre os proxectos de cooperación internacional susceptibles de cofinanciamento para o exercicio de 2014, o PROXECTO: «IMPULSO DO DESENVOLVEMENTO TURÍSTICO SOSTIBLE EN 11 COMUNIDADES PRÓXIMAS Ó CANÓN DE SOMOTO COMO FERRAMENTA DE LOITA CONTRA A POBREZA (MUNICIPALIDADES DE TOTOGALPA E SOMOTO; DPTO. DE MADRIZ – NICARAGUA)», valorando o seu interese e previsible impacto social, económico, patrimonial e medioambiental.

VIII.- Que o presente convenio de colaboración contempla, coas debidas adaptacións, as prescricións básicas que sinala a Base nº 40 das de Execución do Orzamento xeral relativas a competencias de aplicación, órgano de colaboración, seguimento da materia conveniada, aclaración de diverxencias, vixencia, etc.

Por todo o exposto, tendo en conta a sintonía de obxectivos e a complementariedade dos mecanismos concorrentes para a súa consecución, ambas dúas partes coinciden na necesidade de instrumentar o seu acordo de vontades mediante este Convenio de colaboración e de conformidade coas seguintes,

ESTIPULACIÓNS

PRIMEIRA.- Este convenio ten por obxecto artellar a participación do Concello de Vigo e o «FGCS» no financiamento do proxecto de cooperación internacional denominado «IMPULSO DO DESENVOLVEMENTO TURÍSTICO SOSTIBLE EN 11 COMUNIDADES PRÓXIMAS Ó CANÓN DE SOMOTO COMO FERRAMENTA DE LOITA CONTRA A POBREZA (MUNICIPALIDADES DE TOTOGALPA E SOMOTO; DPTO. DE MADRIZ – NICARAGUA)», co que se procurará contribuír á mellora do nivel de vida de 235 persoas localizadas en 9 comunidades do municipio de Totogalpa e 2 de Somoto, incrementando os seus ingresos económicos a través do aproveitamento do potencial turístico da zona, cun enfoque sustentable e de potenciación da identidade cultural.

Este proxecto inclúe as seguintes actividades:

- 1)Acondicionar o Ecoalbergue da comunidade de Palmira (Totogalpa) para o aloxamento, animación e recreación de turistas.*
- 2)Fortalecer o gabinete de turismo municipal e policía municipal de Totogalpa en turismo rural comunitario.*
- 3)Fortalecer o parador turístico municipal de Totogalpa.*
- 4)Capacitar sobre atención ó cliente a prestadoras/es de servizos de aloxamento e alimentación.*
- 5)Capacitar en artesanía de identidade chorotega e realizar intercambios de experiencias de apoio.*
- 6)Edición e distribución de tríptico coa oferta turística de Totogalpa e Somoto.*
- 7)Producir vídeoas televisivas e difusión en canais locais.*
- 8)Contratar e poñer en funcionamento a unidade técnica do proxecto.*

SEGUNDA.- O Fondo Galego comprométese a aplicar os recursos económicos achegados polo Concello de Vigo para estes fins e a garantir en todo momento os medios técnicos e humanos necesarios para o seu desenvolvemento, podendo –ó abeiro do Art. 29 da LXS (L.38/2003)- concertar con terceiros a execución de determinadas actividades.

TERCEIRA.- O «FGCS» comprométese a cumprir, en xeral, coas obrigas consignadas para as beneficiarias das subvencións nos artigos 11 da LSG (L.9/2007) e 14 da LXS (L.38/2003) e a someterse ás actuacións de comprobación que estime oportuno efectuar a entidade concedente, cumprindo todas as obrigas en canto á presentación das Memorias, xustificación dos gastos e cumprimento de obxectivos.

CUARTA.- O custo total previsto para a execución deste proxecto é de 42.952,76 € (CORENTA E DOUS MIL NOVECENTOS CINCUENTA E DOUS EUROS CON SETENTA E SEIS CÉNTIMOS). O Concello de Vigo comprométese a achegar, en concepto de subvención ó proxecto, a cantidade de 26.000,00 € (VINTESEIS MIL EUROS), equivalente ó 60,53% do total, con cargo á partida orzamentaria nº 2310.480.00.01 – axuda ó Terceiro Mundo, do vixente orzamento de gastos.

QUINTA.- Esta subvención será compatible con calquera outra subvención ou axuda para a mesma finalidade procedente de calquera outra Administración ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais. Con todo, a beneficiaria deberá comunicar ó Concello de Vigo a obtención doutras posibles subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien a actividade subvencionada. Esta comunicación deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada ós fondos recibidos.

No caso de cofinanciamento do proxecto por varias Administracións, entes ou organismos, farase constar esta circunstancia na xustificación, detallando as fontes dos recursos económicos do mesmo. En calquera caso, o importe total da subvención ou subvencións non poderá superar ó da actividade subvencionada; caso no que se procederá na forma prevista no Art. 34 do RD.887/2006, do 21 de xullo.

SEXTA.- Se o custo total da actividade subvencionada resultase ser menor que o contemplado para a concesión da subvención ou se reducisen na súa execución as actuacións ou elementos previstos como integrantes da mesma, procederá a redución da subvención na mesma proporción. A comunicación destas circunstancias ó Concello deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada ós fondos recibidos.

SÉTIMA.- A vixencia deste Convenio de colaboración estará necesariamente vencellada á completa execución do PROXECTO «IMPULSO DO DESENVOLVEMENTO TURÍSTICO SOSTIBLE EN 11 COMUNIDADES PRÓXIMAS Ó CANÓN DE SOMOTO COMO FERRAMENTA DE LOITA CONTRA A POBREZA (MUNICIPALIDADES DE TOTOGALPA E SOMOTO; DPTO. DE MADRIZ – NICARAGUA)» e á debida xustificación da subvención que se concede.

OITAVA.- O réxime de pagamentos acordado é o seguinte:

-Un 50% da cantidade anual á sinatura do Convenio. Ó concorrer razóns de interese público, social e humanitario que determinan a concesión da subvención e tendo en conta o carácter da beneficiaria como unha entidade non lucrativa adicada a desenvolver programas de cooperación internacional, que presenta necesidades financeiras demostradas que lle impiden realizar cos seus propios medios a actividade subvencionada, considérase necesario convenir un pago anticipado por importe do cincuenta por cento do total da subvención. De acordo co artigo 42 do RD.887/2006, do 21 de xullo, polo que se aprobou o Regulamento da Lei xeral de subvencións e a Disposición adicional 2ª da L.9/2007, as entidades non lucrativas que desenvolvan proxectos e programas de acción social e cooperación internacional quedarán exoneradas da constitución de garantías.

-O 50% restante, unha vez xustificadas os gastos realizados, mediante xustificantes orixinais ou demais documentos acreditativos dos gastos conformados e selados pola presidenta do «FGCS» e Memoria anual, coa preceptiva certificación do cumprimento do convenio asinada pola presidenta do Fondo Galego.

Serán gastos subvencionables todos os directamente relacionados coas actuacións obxecto do convenio e recollidos no orzamento do proxecto presentado polo Fondo Galego.

NOVENA.- Para a xustificación da subvención, o «FGCS» comprométese a presentar no Rexistro Xeral do Concello, antes do 30 de novembro de 2014, a xustificación do cumprimento do proxecto. Para estes efectos achegará a seguinte documentación:

1) Unha Memoria de actuación xustificativa do cumprimento das condicións impostas na concesión da subvención, con indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos con datos dos números de persoas beneficiadas.

2) Unha Memoria económica xustificativa do custo das actividades realizadas que conterá:

- Unha relación clasificada dos gastos subvencionados.
- Unha relación detallada doutros ingresos ou subvencións que financien a actividade subvencionada con indicación do importe e a súa procedencia.
- Xustificantes orixinais pola cantidade subvencionada polo Concello de Vigo, selados polo Fondo Galego e conformados pola súa presidenta.

A xustificación deberá facerse con documentos orixinais pola parte subvencionada e con copias de facturas polo resto do orzamento. Poderase substituír a presentación de copias de facturas polo gasto do proxecto ou actividade non subvencionada pola presentación dun balance que abarque a totalidade do gasto ou por unha certificación na que se acredite que o programa ou actividade que foi obxecto da subvención foi executado na súa totalidade e o seu custo total (Base 38.4 execución orzamentos).

3) Declaración responsable do perceptor, acreditativa dos seguintes extremos:

-Que os xustificantes acreditativos dos gastos que se presenten se aplicaron á actividade subvencionada para o que o parceiro local do país onde se ten executado o proxecto certifique o gasto realizado e sexa certificado igualmente polo Fondo Galego.

-Que foron aboadas ós seus expedidores ou, no seu caso, ós titulares do dereito que incorporan.

-Declaración de estar ó corrente das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social utilizando o réxime simplificado de acreditación previsto nos artigos 31.7.i) da L.9/2007, de subvencións de Galicia e 24.7 do RD.887/2006.

-Declaración responsable da presidenta do «FGCS» na que conste que o proxecto subvencionado polo Concello de Vigo foi realizado na súa totalidade co cumprimento das condicións que motivaron a súa concesión e que os fondos foron aplicados á finalidade prevista.

4) Carta de pagamento do reintegro que proceda nos supostos de remanentes non aplicados, excesos obtidos sobre o custo da actividade subvencionada e o xuro de mora correspondente.

DÉCIMA.- A comprobación da subvención corresponderalle ós servizos técnicos da Concellería de Política de Benestar, que serán os encargados de recabar toda a documentación de seguimento da execución da subvención e de emitir informe indicando se a documentación é completa segundo o estipulado neste convenio, facendo constar, de ser o caso, todas aquelas circunstancias que poidan resultar relevantes en orde a considerar incumprida ou defectuosamente cumprida a actividade subvencionada.

Para estes efectos, poderán solicitar do «FGCS» os informes que se precisen sobre todos os aspectos relativos ó proxecto de cooperación subvencionado e acceder de forma permanente á documentación existente.

UNDÉCIMA.- O «FGCS» deberá facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Concellería de Política de Benestar e pola Intervención xeral municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

DUODÉCIMA.- Procederá o reintegro das cantidades percibidas e a esixencia de xuros de mora desde o pagamento da subvención ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro nos casos do artigo 33 da L.9/2007. Cando o incumprimento da actividade subvencionada se traduza nunha diminución significativa desta, traducible a termos económicos en función do proxecto presentado e o seu presuposto, pero que non implique verdadeiro incumprimento do obxectivo da subvención, procederá o reintegro na mesma proporción. En todo caso, procederá o reintegro do exceso da subvención sobre o custo da actividade subvencionada.

DÉCIMO TERCEIRA.- Como mecanismo de coordinación e solución de posibles controversias na súa aplicación, constituirase unha Comisión mixta de Seguimento do Convenio que estará composta por un representante do «FGCS» e un representante municipal, presidida pola Concelleira da Área de Política de Benestar.

DÉCIMO CUARTA.- Canto ás infraccións e sancións en que poida incorrer a beneficiaria da subvención e ó procedemento para a súa apreciación e imposición, estarase ó disposto no Título IV da L.9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e no RD.1398/1993, do 4 de agosto, polo que se aprobou o Regulamento do procedemento para o exercicio da potestade sancionadora.

DÉCIMO QUINTA.- Para o caso de que a entidade beneficiaria da subvención realice algún tipo de actividade publicitaria ou de difusión do proxecto subvencionado, deberá dar a axeitada publicidade ó financiamento municipal, previa conformidade da Concellería de Política de Benestar.

DÉCIMO SEXTA.- A beneficiaria queda informada de que os seus datos e os do seu representante serán incorporados ós ficheiros municipais e de que a finalidade da súa recollida é a instrucción do procedemento para a concesión da subvención obxecto do presente Convenio, a práctica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigado cumprimento, o seguimento e comprobación da actividade subvencionada e demais actuacións previstas na lei de subvencións de Galicia en orde á conclusión do proceso subvencional, polo que a súa achega é obrigatoria.

Estes datos serán tratados e protexidos de acordo co previsto na L.30/1992, do 26 de novembro, de Réxime xurídico das Administracións públicas e do Procedemento administrativo común e na L.15/1999, do 13 de decembro, de Protección de datos de carácter persoal, sendo responsable do seu tratamento a Concellería de Política de Benestar, perante a que poderá exercer os seus dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición.

DÉCIMO SÉTIMA.- A concesión da subvención obxecto deste Convenio rexeráse pola L.38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD.887/2006, do 21 de xullo, polo que se aprobou o seu Regulamento, nos seus preceptos básicos; a lexislación básica do Estado en materia de réxime local; a L.9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da L.38/2003 e do RD.887/2006; polos pactos que se conteñen neste Convenio; as Bases de Execución dos vixentes Orzamentos municipais e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

DÉCIMO OITAVA.- Este Convenio ten natureza e carácter xurídico – administrativo e rexeráse, no que sexa de aplicación, pola L.30/1992, do 26 de novembro, de Réxime xurídico das Administracións públicas e do Procedemento administrativo común, pola lexislación sobre a materia obxecto de convenio e, no seu defecto, pola normativa de contratación do Sector público e demais normas de Dereito administrativo. As cuestións relativas á súa formalización, cumprimento, interpretación, efectos e extinción serán competencia, en última instancia, do órgano xurisdiccional contencioso – administrativo.

E en proba de conformidade, as partes asinan o presente documento por duplicado exemplar, no lugar e data expresados no encabezamento, de todo o que eu, como Secretario de Administración municipal, dou fe.”

18(795).- PROPOSTA DE CONVENIO DE COLABORACIÓN CO FONDO GALEGO DE COOPERACIÓN PARA PROGRAMA DE LOITA CONTRA O DESEMPREGO. CABO VERDE. EXPTE. 96021/301.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe-proposta do 26/06/14, da xefa do servizo, conformado polo xefe de área e pola concelleira de Políticas de Benestar e polo concelleiro de Facenda; vistos os informes xurídico e da Intervención de datas 12/06 e 18/06, respectivamente, a Xunta de Goberno Local acorda:

Primeiro.- Aprobar a concesión dunha subvención directa ao Fondo Galego de Cooperación e Solidariedade, CIF. G15629629, por un importe de 26.000,00 euros con cargo á partida 23104800001 -Axuda ó Terceiro Mundo-.

Segundo.- Prestar aprobación ao texto do convenio entre a concellería de Política de Benestar e o Fondo Galego de Cooperación e Solidariedade, CIF. G15629629, para levar a cabo un proxecto de cooperación internacional denominado «Proxecto “Cooperativa Sulada”. na creación de rendementos para a loita contra o desemprego na cámara municipal de Ribeira Grande de Santiago (Cabo Verde)». Ano 2014.

Terceiro.- Aprobar o gasto por un importe total de 26.000,00 euros, con cargo á 2310. 4800001 de Benestar Social, “Axuda ó Terceiro Mundo”.

Cuarto.- Nomear como técnica municipal encargada do seguimento deste proxecto á Diplomada en Traballo social do Departamento de Benestar social, D^a Rosa M^a Alonso Míguez.

«CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO E O FONDO GALEGO DE COOPERACIÓN E SOLIDARIEDADE PARA A EXECUCIÓN DO PROXECTO: “COOPERATIVA SULADA”. NA CREACIÓN DE RENDEMENTOS PARA A LOITA CONTRA O DESEMPREGO NA CÁMARA MUNICIPAL DE RIBEIRA GRANDE DE SANTIAGO (CABO VERDE)»

En Vigo, na Casa do Concello, o de 2014

COMPARECEN

Dunha parte,

O Excmo. Sr. Alcalde – Presidente do Concello de Vigo, D. Abel R. Caballero Álvarez, asistido polo Secretario de Administración municipal, D. Manuel Xosé Lorenzo Penela.

Doutra parte,

D^a. M^a Teresa París Blanco, con DNI nº 36.102.366-W, Presidenta do «Fondo Galego de Cooperación e Solidariedade» («FGCS»), CIF nº G-15629629, con sede social na rúa Varsovia nº 4-C, 6º andar, Área Central, Santiago de Compostela (A Coruña), CP 15703.

INTERVEÑEN

D. Abel R. Caballero Álvarez, na súa condición de Alcalde – Presidente do Excmo. Concello de Vigo, no exercicio das facultades de representación atribuídas pola lexislación de Réxime local (Art. 61.1.a] da L.5/1997, do 22 de xullo, LALGA, e 124.4.a] da L.7/1985, do 2 de abril, LRBRL).

D^a. M^a Teresa París Blanco, actuando en representación do «Fondo Galego de Cooperación e Solidariedade», segundo así resulta da certificación do acordo adoptado na súa Asemblea xeral ordinaria celebrada o 30.09.2011 e dos seus estatutos, asegurando a comparecente que tales facultades non lle foron revogadas.

D. Manuel Xosé Lorenzo Penela, Secretario de Administración municipal, ós meros efectos de asistencia ó Sr. Alcalde – Presidente e dación da fe pública no outorgamento do presente documento, por delegación da Secretaria de Goberno local (Resolucións de datas 19.09.2011 e 20.03.2013).

Os comparecentes, no concepto en que interveñen, recoñécense recíprocamente a lexitimación e a capacidade e representación legal necesaria para o outorgamento e formalización do presente Convenio e, como antecedentes e motivación deste acordo de vontades,

EXPOÑEN

I.- Que a L.23/1998, do 7 de xullo, do Estado, de cooperación internacional para o desenvolvemento, posta en relación coa Constitución española de 1978 e os Arts. 2 e 25.1 da L.7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do réxime local e 80.1 da L.5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia, habilitan expresamente para que desde as entidades locais se leven a cabo accións e programas incluíbles no concepto de “cooperación para o

desenvolvemento”, expresión solidaria da sociedade local que, en todo caso, basearase nos principios de autonomía orzamentaria e autorresponsabilidade no seu desenvolvemento e execución (no marco da política española de cooperación internacional para o desenvolvemento) e no de colaboración entre Admóns. Públicas, tocante ó acceso e participación da información e máximo aproveitamento dos recursos públicos (Art. 20).

Esa mesma capacidade municipal para intervir en materia de cooperación internacional aparece recoñecida expresamente na L.3/2003, do 19 de xuño, de Cooperación para o desenvolvemento, de Galicia, na que se considera ás entidades locais como “axentes da cooperación internacional para o desenvolvemento” (Art. 23) e encoméndalle á Xunta de Galicia a implementación dunha política activa de colaboración cos concellos galegos, as deputacións e demais entidades locais que destinen recursos á cooperación para o desenvolvemento, pulando a participación dos concellos galegos en accións de cooperación para o desenvolvemento mediante a aplicación de instrumentos mancomunados como o Fondo Galego de Cooperación e Solidariedade, consorcios intermunicipais e outros entes de análogas características (Art. 14.3).

Ó mesmo tempo, a L.3/2003 creou a “Comisión Interterritorial de Cooperación para o desenvolvemento” como órgano de coordinación e colaboración entre a Xunta de Galicia e as Admóns. locais galegas que inclúan nos seus orzamentos partidas computables como axuda de cooperación para o desenvolvemento (Art. 20).

A entrada en vigor da L.27/2013, do 27 de decembro, de Racionalización e Sostibilidade da Admón. Local (LRSAL), non afecta ó exercicio da competencia municipal nesta materia, por tratarse dunha competencia atribuída con anterioridade ás entidades locais mediante lexislación sectorial estatal (L.23/1998) e autonómica (L.3/2003), plenamente vixente.

II.- Que, preocupado pola necesidade de obter o máximo rendemento dos recursos que destina á cooperación e ó desenvolvemento, o Concello de Vigo está comprometido co propósito de promover aquelas prácticas que posibiliten unha maior coordinación das políticas municipalistas desenvolvidas en Galicia neste eido, compartindo coas ONGs e o conxunto da sociedade viguesa esa aspiración común á mellora da cooperación.

III.- Que o «Fondo Galego de Cooperación e Solidariedade» («FGCS») é unha asociación sen ánimo de lucro con personalidade xurídica propia e independente, de carácter municipalista que, co apoio da FEGAMP, favorece a incorporación das entidades locais e provinciais de Galicia a dinámicas activas de cooperación, evitando a fragmentación e estimulando a súa maior eficacia e coordinación; actividades que desexa intensificar para implicar nas mesmas ó conxunto da cidadanía.

Como se sinala na propia L.3/2003, a creación do «FGCS» permitiu a asunción por parte do municipalismo galego dunha liña de actuación propia, promovendo a participación e proxectos e programas de cooperación, evitando atomizacións ou duplicidades.

IV.- Que, de acordo cos seus Estatutos, o obxecto fundamental desta Asociación consiste en desenvolver unha eficaz política de cooperación e de solidariedade dos cidadáns dos concellos e provincias de Galicia cos pobos subdesenvolvidos e, en concreto, contribuír desde o ámbito galego ó desenvolvemento dos países do Terceiro Mundo, a promoción, financiamento e xestión

de proxectos e programas de desenvolvemento económico e social e/ou de sensibilización, posibilitar unha maior participación das entidades locais nas políticas de cooperación e de solidariedade potenciando a coordinación das mesmas, apoiar e xestionar no seu caso, proxectos e programas que promovan un desenvolvemento sostible nos países en vías de desenvolvemento, con criterios de igualdade, de mutua colaboración e respecto ás culturas e ás identidades propias de cada comunidade, etc.

V.- Que, en sesión plenaria de data 3 de agosto de 1998, acordouse por unanimidade a adhesión do Concello de Vigo ó «FGCS», aceptando os seus estatutos e declaración programática e asumindo o compromiso de dotar orzamentariamente unha partida como achega anual ó Fondo Galego con destino ó financiamento e proxectos aprobados polo «FGCS».

VI.- Que o Concello de Vigo e o Fondo Galego acreditaron a necesidade de reforzar os mecanismos homoxeneizadores da cooperación propiamente municipalista e instaron a sinatura da denominada “Declaración Política das cidades e o Fondo Galego”, asinada o 5 de marzo de 2001, por todas as cidades galegas e o «FGCS».

VII.- Que, de común acordo, o Concello de Vigo e o «FGCS» (Comisión executiva do 23.04.2014) seleccionaron, entre os proxectos de cooperación internacional susceptibles de cofinanciamento para o exercicio de 2014, o «PROXECTO “COOPERATIVA SULADA”. NA CREACIÓN DE RENDEMENTOS PARA A LOITA CONTRA O DESEMPREGO NA CÁMARA MUNICIPAL DE RIBEIRA GRANDE DE SANTIAGO (CABO VERDE)», valorando o seu interese e previsible impacto social, económico, medioambiental, nos niveis de emprego e na perspectiva de xénero.

VIII.- Que o presente convenio de colaboración contempla, coas debidas adaptacións, as prescricións básicas que sinala a Base nº 40 das de Execución do Orzamento xeral relativas a competencias de aplicación, órgano de colaboración, seguimento da materia conveniada, aclaración de diverxencias, vixencia, etc.

Por todo o exposto, tendo en conta a sintonía de obxectivos e a complementariedade dos mecanismos concorrentes para a súa consecución, ambalas dúas partes coinciden na necesidade de instrumentar o seu acordo de vontades mediante este Convenio de colaboración e de conformidade coas seguintes,

ESTIPULACIÓNS

PRIMEIRA.- Este convenio ten por obxecto artellar a participación do Concello de Vigo e o «FGCS» no financiamento do proxecto de cooperación internacional denominado «PROXECTO “COOPERATIVA SULADA”. NA CREACIÓN DE RENDEMENTOS PARA A LOITA CONTRA O DESEMPREGO NA CÁMARA MUNICIPAL DE RIBEIRA GRANDE DE SANTIAGO (CABO VERDE)», co que se procurará promover a equidade e a igualdade de xénero a través do empoderamento socioeconómico dos grupos de produtoras da zona costeira de Ribeira Grande de Santiago, organizadas na cooperativa “Sulada”.

Este proxecto inclúe as seguintes actividades:

- 1) Formación en xestión, contabilidade, marketing, internet, xestión de stocks, etc.
- 2) Acompañamento da produción de artesanías e xabóns para mellorar a calidade dos produtos.
- 3) Alfabetización.
- 4) Formación específica na mellora da produción de cosméticos e xabóns.
- 5) Sesións de sensibilización e de educación en áreas de reforzo da cidadanía, da democracia, autoestima, saúde reprodutiva, etc.
- 6) Adquisición de materias primas.
- 7) Creación dun negocio complementario para reforzar os beneficios da cooperativa.
- 8) Promoción do programa de voluntariado entre as mulleres das comunidades para facer de axente de vendas na Illa, cun apoio económico mensual.
- 9) Creación dunha rede de vendas on-line e reforzo da venda tradicional.
- 10) Definición de puntos estratéxicos para a montaxe de quioscos de venda.

SEGUNDA.- O Fondo Galego comprométese a aplicar os recursos económicos achegados polo Concello de Vigo para estes fins e a garantir en todo momento os medios técnicos e humanos necesarios para o seu desenvolvemento, podendo –ó abeiro do Art. 29 da LXS (L.38/2003)- concertar con terceiros a execución de determinadas actividades.

TERCEIRA.- O «FGCS» comprométese a cumprir, en xeral, coas obrigas consignadas para as beneficiarias das subvencións nos artigos 11 da LSG (L.9/2007) e 14 da LXS (L.38/2003) e a someterse ás actuacións de comprobación que estime oportuno efectuar a entidade concedente, cumprindo todas as obrigas en canto á presentación das Memorias, xustificación dos gastos e cumprimento de obxectivos.

CUARTA.- O custo total previsto para a execución deste proxecto é de 35.487,22 € (TRINTA E CINCO MIL CATROCENTOS OITENTA E SETE EUROS CON VINTEDOUS CÉNTIMOS). O Concello de Vigo comprométese a achegar, en concepto de subvención ó proxecto, a cantidade de 26.000,00 € (VINTESEIS MIL EUROS), equivalente ó 73,27% do total, con cargo á partida orzamentaria nº 2310.480.00.01 – axuda ó Terceiro Mundo, do vixente orzamento de gastos.

QUINTA.- Esta subvención será compatible con calquera outra subvención ou axuda para a mesma finalidade procedente de calquera outra Administración ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais. Con todo, a beneficiaria deberá comunicar ó Concello de Vigo a obtención doutras posibles subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien a actividade subvencionada. Esta comunicación deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada ós fondos recibidos.

No caso de cofinanciamento do proxecto por varias Administracións, entes ou organismos, farase constar esta circunstancia na xustificación, detallando as fontes dos recursos económicos do mesmo. En calquera caso, o importe total da subvención ou subvencións non poderá superar ó da actividade subvencionada; caso no que se procederá na forma prevista no Art. 34 do RD.887/2006, do 21 de xullo.

SEXTA.- Se o custo total da actividade subvencionada resultase ser menor que o contemplado para a concesión da subvención ou se reducisen na súa execución as actuacións ou elementos

previstos como integrantes da mesma, procederá a redución da subvención na mesma proporción. A comunicación destas circunstancias ó Concello deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada ós fondos recibidos.

SÉTIMA.- A vixencia deste Convenio de colaboración estará necesariamente vencellada á completa execución do «PROXECTO "COOPERATIVA SULADA". NA CREACIÓN DE RENDEMENTOS PARA A LOITA CONTRA O DESEMPREGO NA CÁMARA MUNICIPAL DE RIBEIRA GRANDE DE SANTIAGO (CABO VERDE)» e á debida xustificación da subvención que se concede.

OITAVA.- O réxime de pagamentos acordado é o seguinte:

-Un 50% da cantidade anual á sinatura do Convenio. Ó concorrer razóns de interese público, social e humanitario que determinan a concesión da subvención e tendo en conta o carácter da beneficiaria como unha entidade non lucrativa adicada a desenvolver programas de cooperación internacional, que presenta necesidades financeiras demostradas que lle impiden realizar cos seus propios medios a actividade subvencionada, considérase necesario convenir un pago anticipado por importe do cincuenta por cento do total da subvención. De acordo co artigo 42 do RD.887/2006, do 21 de xullo, polo que se aprobou o Regulamento da Lei xeral de subvencións e a Disposición adicional 2ª da L.9/2007, as entidades non lucrativas que desenvolvan proxectos e programas de acción social e cooperación internacional quedarán exoneradas da constitución de garantías.

-O 50% restante, unha vez xustificadas os gastos realizados, mediante xustificantes orixinais ou demais documentos acreditativos dos gastos conformados e selados pola presidenta do «FGCS» e Memoria anual, coa preceptiva certificación do cumprimento do convenio asinada pola presidenta do Fondo Galego.

Serán gastos subvencionables todos os directamente relacionados coas actuacións obxecto do convenio e recollidos no orzamento do proxecto presentado polo Fondo Galego.

NOVENA.- Para a xustificación da subvención, o «FGCS» comprométese a presentar no Rexistro Xeral do Concello, antes do 30 de novembro de 2014, a xustificación do cumprimento do proxecto. Para estes efectos achegará a seguinte documentación:

1) Unha Memoria de actuación xustificativa do cumprimento das condicións impostas na concesión da subvención, con indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos con datos dos números de persoas beneficiadas.

2) Unha Memoria económica xustificativa do custo das actividades realizadas que conterá:

- Unha relación clasificada dos gastos subvencionados.
- Unha relación detallada doutros ingresos ou subvencións que financien a actividade subvencionada con indicación do importe e a súa procedencia.
- Xustificantes orixinais pola cantidade subvencionada polo Concello de Vigo, selados polo Fondo Galego e conformados pola súa presidenta.

A xustificación deberá facerse con documentos orixinais pola parte subvencionada e con copias de facturas polo resto do orzamento. Poderase substituír a presentación de copias de facturas polo gasto do proxecto ou actividade non subvencionada pola presentación dun balance que abarque a totalidade do gasto ou por unha certificación na que se acredite que o programa ou actividade que foi obxecto da subvención foi executado na súa totalidade e o seu custo total (Base 38.4 execución orzamentos).

3)Declaración responsable do perceptor, acreditativa dos seguintes extremos:

-Que os xustificantes acreditativos dos gastos que se presenten se aplicaron á actividade subvencionada para o que o parceiro local do país onde se ten executado o proxecto certifique o gasto realizado e sexa certificado igualmente polo Fondo Galego.

-Que foron aboadas ós seus expedidores ou, no seu caso, ós titulares do dereito que incorporan.
-Declaración de estar ó corrente das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social utilizando o réxime simplificado de acreditación previsto nos artigos 31.7.i) da L.9/2007, de subvencións de Galicia e 24.7 do RD.887/2006.

-Declaración responsable da presidenta do «FGCS» na que conste que o proxecto subvencionado polo Concello de Vigo foi realizado na súa totalidade co cumprimento das condicións que motivaron a súa concesión e que os fondos foron aplicados á finalidade prevista.

4)Carta de pagamento do reintegro que proceda nos supostos de remanentes non aplicados, excesos obtidos sobre o custo da actividade subvencionada e o xuro de mora correspondente.

DÉCIMA.- A comprobación da subvención corresponderalle ós servizos técnicos da Concellería de Política de Benestar, que serán os encargados de recabar toda a documentación de seguimento da execución da subvención e de emitir informe indicando se a documentación é completa segundo o estipulado neste convenio, facendo constar, de ser o caso, todas aquelas circunstancias que poidan resultar relevantes en orde a considerar incumprida ou defectuosamente cumprida a actividade subvencionada.

Para estes efectos, poderán solicitar do «FGCS» os informes que se precisen sobre todos os aspectos relativos ó proxecto de cooperación subvencionado e acceder de forma permanente á documentación existente.

UNDÉCIMA.- O «FGCS» deberá facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Concellería de Política de Benestar e pola Intervención xeral municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

DUODÉCIMA.- Procederá o reintegro das cantidades percibidas e a esixencia de xuros de mora desde o pagamento da subvención ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro nos casos do artigo 33 da L.9/2007. Cando o incumprimento da actividade subvencionada se traduza nunha diminución significativa desta, traducible a termos económicos en función do proxecto presentado e o seu presuposto, pero que non implique verdadeiro incumprimento do obxectivo da subvención, procederá o reintegro na mesma proporción. En todo caso, procederá o reintegro do exceso da subvención sobre o custo da actividade subvencionada.

DÉCIMO TERCEIRA.- Como mecanismo de coordinación e solución de posibles controversias na súa aplicación, constituirase unha Comisión mixta de Seguimento do Convenio que estará composta por un representante do «FGCS» e un representante municipal, presidida pola Concelleira da Área de Política de Benestar.

DÉCIMO CUARTA.- Canto ás infraccións e sancións en que poida incurrir a beneficiaria da subvención e ó procedemento para a súa apreciación e imposición, estarase ó disposto no Título IV da L.9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e no RD.1398/1993, do 4 de agosto, polo que se aprobou o Regulamento do procedemento para o exercicio da potestade sancionadora.

DÉCIMO QUINTA.- Para o caso de que a entidade beneficiaria da subvención realice algún tipo de actividade publicitaria ou de difusión do proxecto subvencionado, deberá dar a axeitada publicidade ó financiamento municipal, previa conformidade da Concellería de Política de Benestar.

DÉCIMO SEXTA.- A beneficiaria queda informada de que os seus datos e os do seu representante serán incorporados ós ficheiros municipais e de que a finalidade da súa recollida é a instrucción do procedemento para a concesión da subvención obxecto do presente Convenio, a práctica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigado cumprimento, o seguimento e comprobación da actividade subvencionada e demais actuacións previstas na lei de subvencións de Galicia en orde á conclusión do proceso subvencional, polo que a súa achega é obrigatoria.

Estes datos serán tratados e protexidos de acordo co previsto na L.30/1992, do 26 de novembro, de Réxime xurídico das Administracións públicas e do Procedemento administrativo común e na L.15/1999, do 13 de decembro, de Protección de datos de carácter persoal, sendo responsable do seu tratamento a Concellería de Política de Benestar, perante a que poderá exercer os seus dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición.

DÉCIMO SÉTIMA.- A concesión da subvención obxecto deste Convenio rexerá pola L.38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD.887/2006, do 21 de xullo, polo que se aprobou o seu Regulamento, nos seus preceptos básicos; a lexislación básica do Estado en materia de réxime local; a L.9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da L.38/2003 e do RD.887/2006; polos pactos que se conteñen neste Convenio; as Bases de Execución dos vixentes Orzamentos municipais e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

DÉCIMO OITAVA.- Este Convenio ten natureza e carácter xurídico – administrativo e rexerá, no que sexa de aplicación, pola L.30/1992, do 26 de novembro, de Réxime xurídico das Administracións públicas e do Procedemento administrativo común, pola lexislación sobre a materia obxecto de convenio e, no seu defecto, pola normativa de contratación do Sector público e demais normas de Dereito administrativo. As cuestións relativas á súa formalización, cumprimento, interpretación, efectos e extinción serán competencia, en última instancia, do órgano xurisdiccional contencioso – administrativo.

E en proba de conformidade, as partes asinan o presente documento por duplicado exemplar, no lugar e data expresados no encabezamento, de todo o que eu, como Secretario de Administración municipal, dou fe.”

19(796).- PROPOSTA DE NOMEAMENTO INTERINO POR ACUMULACIÓN DE TAREFAS DUNHA AUXILIAR E UN DIPLOMADO DE LABORATORIO. EXPTE. 25440/220.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe proposta do técnico de organización do 14/07/14, conformado pola xefa do servizo e polo concelleiro delegado de área; visto o informe da Intervención xeral do 17/07, a Xunta de Goberno Local acorda:

Primeiro.- Declara-la urxencia para proceder ó nomeamento dun/dunha funcionario/a por acumulación de tarefas, como auxiliar de laboratorio, ao abeiro do exposto no artigo 10.1.d) da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público, por un período máximo de dous meses, finalizando a relación de servizo transcorrido dito período, xustificada nas necesidades da Unidade asistencial de drogodencias (CEDRO), contidas no escrito de data 17 de xuño de 2014 suscrito polo Director de CEDRO e conformado polo Xefe de Área e a Concelleira-delegada da Área de Política de Benestar e, en consecuencia, autoriza-lo gasto por importe de 4.105,04€ con cargo a partida orzamentaria 922.0.140.00.00 -outras modalidades contratación temporal, para facer fronte ao referido nomeamento.

Segundo.- Declara-la urxencia para proceder ó nomeamento dun/dunha funcionario/a por acumulación de tarefas, como diplomado/a en enfermería, ao abeiro do exposto no artigo 10.1.d) da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público, por un período máximo dun mes, finalizando a relación de servizo transcorrido dito período, xustificada nas necesidades da Unidade asistencial de drogodencias (CEDRO), contidas no escrito ao que se refire o apartado primeiro desta proposta e, en consecuencia, autoriza-lo gasto por importe de 3.050,13€ con cargo a partida orzamentaria 922.0.140.00.00 -outras modalidades contratación temporal, para facer fronte ao referido nomeamento.

Terceiro.- Nomear funcionaria interina por acumulación de tarefas como Auxiliar de Laboratorio por un período máximo de dous mes, á D^a. LUCIA PÉREZ ÁLVAREZ, DNI 36.169.596-A, aspirante que superou tódolos exercicios do último proceso de selección de persoal convocado para o nomeamento de auxiliares de laboratorio por acumulación de tarefas, de conformidade coas bases da mesma e co disposto no artigo 10.1.d) da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público.

Cuarto.- Nomear funcionaria interina por acumulación de tarefas como Diplomada en Enfermería por un período máximo dun mes, á D^a. SIRA MARÍA SEIJAS FERNÁNDEZ, DNI 36.152.811-P, aspirante que superou tódolos exercicios do último proceso de selección de persoal convocado para o nomeamento de diplomados en enfermería por acumulación de tarefas autorizada pola Xunta de Goberno Local de data 22

de febreiro de 2013, de conformidade coas bases da mesma e , así como co disposto no artigo 10.1.d) da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público.

Quinto.- Os referidos nomeamentos faranse de conformidade co disposto no Art. 10.1.d) da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público, rematando cando transcurran os dous meses/un mes, dende a data do nomeamento nos termos legalmente previstos, percibindo como retribucións o importe do soldo, retribucións complementarias e a parte proporcional da paga extraordinaria do posto Cód. 141-auxiliar de laboratorio- e 85-Diplomado/a en Enfermería, da R.P.T vixente, aprobada pola Xunta de Goberno Local na súa sesión de data 20 de setembro de 2010 e modificacións puntuais aprobadas e publicadas con posterioridade.

Sexto.- A xonada laboral das traballadoras nomeadas, desenvolverase preferentemente en xornada continuada de mañá –07,30 a 15,00 horas-. En calquera caso, contarase con dispoñibilidade horaria para traballar en quenda de tarde, si por requerimento do Servizo fose necesario.

Sétimo.- Contra o presente acordo poderase interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo de 1 mes a contar dende o día seguinte ao da súa publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo no prazo de 2 meses contados dende o día seguinte ao da publicación do acto que poña fin á vía administrativa, nos supostos, termos e condicións do previsto nos artigos, 8, 25 e 46 da vixente Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdicción Contencioso-Administrativa.

E sen ter máis asuntos que tratar, o Sr. presidente rematou a sesión ás catorce horas e dez minutos. Como secretaria dou fé.

me.

O ALCALDE

A CONCELLEIRA-SECRETARIA
DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,

Abel Caballero Álvarez.

M^a Jesús Lago Rey.